

REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

Data: 16 de decembro de 2015.

Hora: 19.40 h

Lugar: Espacio Arroelo. Michelena, 11. 3º

Asistentes:

Daniel P. Macías

Carla Martínez

Alba Martínez

Xavier Noya

Nerea Sanmartín

Zoe Bugallo

Noelia Rodríguez

Jone Ojeda

1

Orde do día

1. Reconto dos cuestionarios do 25N
2. Escolla das mellores respostas

1. Reconto dos cuestionarios do 25N

Dani e Javier encárganse do reconto dos cuestionarios da rúa; Jone fase cargo das do IES Frei Martín Sarmiento

		SÁNCHEZ	LUIS S.	FREI MART	RÚA
FEMINISTAS	MULLERES	68	74	28	83
	HOMES	16	25	6	23

MACHISTAS	MULLERES	18	41	21	19
	HOMES	30	17	11	17
TOTAL		132	157	66	142
					497

Omitimos as respostas consideradas como “tonterías” ou respostas neutras. Recollemos un total de 449 cuestionarios.

2. Escolla das mellores respostas

• • **Por amor faría calquera cousa**

Eu por min faría calquera cousa
 Pois eu só cousas boas e amables
 Calquera cousa? Calquera cousa boa, queres decir, non?

• • **Es a muller/ o home da miña vida**

Estás esaxerando
 Non busco una media laranxa, eu son un limón salvaxe
 Eu xa son a muller da miña vida
 Son o home da iña propia vida, non da túa
 O meu corpo non é de ninguén ,a miña liberdade tampouco. Son persoa, non obxecto
 Hai máis xente na túa vida da que tes que perocuparte aparte de min

• • **Por ti morro**

Pois non o fagas porque non vale a pena
 Sen ti vivo
 Pois ti morre, que eu sigo vivindo tan feliz
 Non fai falla morrer por min
 Pero non esaxeremos, oh... NOn sexas tan bruto que para expresarse non hai que morrer
 Sintoo moito, pero eu por ti non
 Ay, por dios, non sexas esaxerado!!
 Que haxa terra de por medio
 Pois tes un problema
 Non quero que ninguén morra por min

• • **Vouno facer todo contigo**

Non che necesito para todo, non me atosigues

Deixa libre meu espazo, miña autonomía. Hai cousas que debemos facer xuntos e outras que quero facer soa

Iso se eu cho permito

Que aburrido, hai mais persoas na miña vida!

Son independente

Pois xa será con outro...

Sempre que ambos queiramos!

• • **Ámote con loucura**

O amor non é loucura, o amor é sensatez e confianza nunha persoa ó 100%. NON xures en vano, nada é eterno

Eu a ti non... non tan esaxerado

Tampouco esaxeres, home, esas palabras son moi fortes

Non me queiras tanto

Ámame ben, con tranquilidade

• • **Son túa /teu**

Eres libre, mía sería una muleta, no otra persona....

Eu non son de ninguén

E que queres, que che poña unha correa?

Ninguén é de ninguén

As persoas axudámonos pero non nos poseemos

• • **Estou disposto/a a facer todo o que che pete**

Pois alónxate, canto máis mellor

Fai o que ti queiras, non o que eu queira

Fai todo o que che pete a ti

Petar onde, na porta?

Respétate algo máis..

O ves necesario?

Chupar unha farola?

Non quero que fagas o que eu quero, se estamos xuntos temos que ser libres e non renunciar ao que queremos só por complacer ao outro

Non quero que fagamos algo que me guste a min, isto é cousa de dous

O amor é cousa de dous. tratase de complementarse

• • **Es a miña media laranxa**

Eu non son a metade de ninguén. Son unha muller independente que non necesita un home para vivir

Non son a media laranxa de ninguén nin o necesito ser, e por favor, non me envíes esas mensaxes que meten medo

Creo que te confundiche, eu son limón enteiro

Equivocácheste, eu son unha pera

Eu son a laranxa enteira

• • **Sen ti non son nada**

Pois eu sí

Estás equivocada, sempre fuches ti e aínda podes ser máis ti. Conta comigo para iso tamén

Creo que me queres e eu tamén te quero, pero cad un debe seguir pensando individualmente por sí mesmo

Pois adéus pantasma, non me asustes